

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O CONSORCIO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA INDUSTRIAL (ITMATI) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS DE ALUMNOS/AS DO MASTER UNIVERSITARIO EN EN TÉCNICAS ESTADÍSTICAS

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. D. Juan Manuel Viaño Rey, Reitor Magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela** que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 62/2014, de 28 de maio (DOG 4/06/2014), de seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

De outra parte, don Xosé Luís Armesto Barbeito, Reitor Magnífico da **Universidade da Coruña**, con CIF Q6550005-J, en nome e representación dela e en virtude do nomeamento efectuado segundo o Decreto 251/2011 do 29 de decembro (DOG nº 8, do 12 de xaneiro de 2012), no exercicio das competencias que lle outorga o artigo 20 da Ley Orgánica de Universidades 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, e no artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro, (DOG de 17 de outubro).

Doutra parte, D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor Magnífico da **Universidade de Vigo**, nomeado segundo o Decreto da Comunidad Autónoma de Galicia núm. 47/2014, de 24 de abril, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 79, del 25 de abril de 2014, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Ley Orgánica 6/2001, del 21 de diciembre, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, del 14 de xaneiro e publicados no DOG núm. 21, do 2 de febreiro de 2010 (BOE nº 69, de 20 de marzo de 2010). Con domicilio no Edificio Reitoría, campus universitario, 36310 Vigo.

De outra parte, o **Consortio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (en diante, ITMATI)**, con CIF S1500111H, e domiciliado en Pazo de San Xerome, Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, e no seu nome e representación Dona Peregrina Quintela Estévez, Directora de ITMATI, segundo a delegación de competencias efectuada polo Consello de Goberno de ITMATI e polo Presidente de ITMATI, en data 25 de marzo de 2013, de acordo aos estatutos de ITMATI publicados o luns 4 de marzo de 2013 no Diario Oficial de Galicia, segundo resolución do 18 de febreiro de 2013 dos reitores das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, facendo uso do Poder outorgado ao seu favor con data 24 de xaneiro de 2014, ante o Notario de Santiago de Compostela Dna. Inmaculada Espiñeira Soto, co número 195 do seu Protocolo.

Todos eles en virtude de poderes suficientes ou capacidades , que manifestan non lle foron modificados nin revogados, para comparecer neste acto e vincularse.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación bastante para a formalización do presente convenio e aos efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- A adecuación dos programas educativos ás necesidades do mundo empresarial constitúe unha das preocupacións das universidades galegas.

Segundo.- O complemento que para a formación do alumno supón o coñecemento da realidade empresarial no ámbito das ensinanzas teóricas impartidas ao alumno é un dos obxectivos que as universidades do SUG consideran de maior importancia.

Terceiro.- Todas as partes consideran necesario un maior acercamento entre o ámbito empresarial e as universidades, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral dos universitarios mediante a alternancia da súa formación teórica con prácticas de empresa, acadando ó mesmo tempo a mellor cualificación e futura adaptación ós postos de traballo demandados polas empresas.

Cuarto. – A actividade formativa que abrangue a materia Traballo Fin de Máster (TFM), ten por obxectivo que os estudantes desenvolvan proxectos de Técnicas Estatísticas e Investigación Operativa formulados polas entidades colaboradoras, baixo a dirección de profesores do Máster.

Quinto.- Todo elo evidencia a necesidade dun convenio que enmarque a cooperación educativa entre os asinantes e delimite as garantías recíprocas dos alumnos e as empresas no Máster en Técnicas Estatísticas, en relación co TFM e co desenvolvemento do período de prácticas na empresa.

En consecuencia, acordan formalizar o presente Convenio de Colaboración a teor das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. -OBXECTO

As entidades asinantes acordan establecer unha colaboración para o desenvolvemento da actividade formativa no marco da materia do Traballo Fin de Máster, e dun programa para a realización de prácticas profesionais dos alumnos nas instalacións de ITMATI, así como para aportar os seus expertos para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fora precisa.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segunda.- DOCENCIA TEÓRICO-PRÁCTICA E PRÁCTICAS TUTELADAS

Especifícanse no ANEXO 1 (proxecto formativo: guía da materia) e no ANEXO 2 (plan de prácticas)

Terceira.- TITORES

As funcións do titor serán as indicadas na cláusula quinta, apartado d. Os titores da entidade colaboradora terán dereito, a pedimento propio, a que se lles acredite documentalmente pola Universidade a colaboración efectuada.



Cuarta.- NÚMERO DE PRAZAS DE ALUMNOS

O número de prazas que se convocarán para realizar as prácticas determinarao a Comisión de Seguimento deste convenio e concretaranse nas convocatorias que faga a Comisión Académica do máster.

Quinta.- RÉXIME XURÍDICO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS.

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) DESTINATARIOS

Poderán participar nas prácticas o alumnado do Máster Universitario en Técnicas Estatísticas, impartido conxuntamente polas tres universidades galegas.

b) PERÍODO

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte dos alumnos será o número de horas recollido no plan de estudo correspondente.

c) TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Tanto a empresa como as universidades, respectivamente, designarán senllos titores que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, a empresa e o coordinador do máster, deberán asinar un documento no que figure perfectamente detallado cal será a tarefa do alumno, o período exacto del traballo, así como un apartado para un informe breve de ambos titores, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do alumno e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.



d) DEREITOS E OBRIGAS DO TITOR DA EMPRESA

O titor da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a) Ó recoñecemento da súa actividade colaboradora, por parte da universidade, en forma de certificado de docencia, de ser requirido polo interesado.
- b) A ser informado acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do Proxecto Formativo (Guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fines propios da súa función.

Tamén terá os seguintes deberes:

- a) Acoller ó estudante e organizar a actividade a desenvolver de acordo ao establecido no Proxecto Formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica con unha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento da entidade, e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar có titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificación do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de



posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento da mesma e o control de permisos para a realización de exames.

- e) Emitir os informes intermedio e final.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ó estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento da práctica.
- h) Facilitar e estimular a aportación de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor académico da universidade a acceso á entidade para o cumprimento dos fines propios da súa función.
- j) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante como consecuencia da súa actividade como titor.
- k) Prestar axuda e asistencia ao estudante, durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza na mesma.

e) CONTIDO DAS PRÁCTICAS

O contido específico das prácticas, que se amosa no Proxecto Formativo no Anexo I deste convenio, tratará de proporcionar ó alumno unha visión global da empresa, a través dos seus distintos departamentos directamente relacionados coa área de estudos ingleses avanzados e as súas aplicacións.

f) MEMORIA DAS PRÁCTICAS.

Ao rematar o período de prácticas cada un dos alumnos deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

g) PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN.

A avaliación das prácticas realizaranas as universidades a través dos seus titores, tendo en conta a memoria elaborada polo alumno/a e o informe de prácticas da empresa ou entidade colaboradora.


h) CERTIFICACIÓN DA EMPRESA.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumno sexan favorables, a empresa ou entidade colaboradora emitiralle a cada un dos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada a avaliación que realicen as universidades asinantes das prácticas.

i) EFECTOS

A realización das prácticas tuteladas polos alumnos poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.



j) RELACIÓN COA EMPRESA

Os alumnos en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral coa empresa asinante do Convenio de Colaboración, nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

Os alumnos poderán recibir unha compensación por gastos efectuados no desenvolvemento das mesmas (gastos de transporte e desprazamento, comidas, etc.), en forma de bolsa ou axuda ao estudo. Nestes casos a entidade deberá dar de alta e cotizar polo estudante á Seguridade Social nos termos previstos polo Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro (BOE nº 259, do 27 de outubro), e demais normativa de desenvolvemento. A compensación recibida polo alumno non será obrigatoria por parte da empresa/entidade, e deberá especificarse pola devandita empresa ou entidade se a realiza no correspondente Anexo I ou II.

Os alumnos en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade na empresa, nin (polo menos en solitario) aquelas exclusivas do persoal da empresa, estando sempre e en todo caso orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

A empresa non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo co alumno en prácticas agás que formalice co alumno un contrato de traballo, suposto no que cesará na realización das prácticas, debendo comunicarse este feito a Comisión de Seguimento do convenio.

k) DEBERES E DEREITOS DOS ALUMNOS

Durante a realización das prácticas académicas externas, os estudantes terán os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor da universidade e por un profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice a mesma.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos polas universidades asinantes.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, coa mención expresa da actividade desenvolvida, a duración e, no seu caso, o rendemento.
- d) A percibir, nos casos nos que así se estipule, achega económica da entidade colaboradora, en concepto de bolsa ou axuda ó estudo.
- e) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- f) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade y prevención de riscos laborais.
- g) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación cá suficiente antelación á entidade colaboradora.
- h) A dispor dos recursos necesarios para o acceso dos estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ó propio desenvolvemento das prácticas en igualdade de condicións.
- i) A conciliar, no caso dos estudantes con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou conectadas coa súa situación de discapacidade.
- j) Aqueles outros dereitos previstos na normativa vixente. .



Así mesmo, os estudantes deberán atender ó cumprimento das seguintes obrigas:

- a) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola universidade.
- b) Coñecer e cumprir o Proxecto Formativo das prácticas, seguindo as indicacións do titor asinado pola entidade colaboradora baixo a supervisión do titor académico da universidade.
- c) Manter contacto có titor académico da universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida xurdir no mesmo, así como facer entrega dos documentos e informes de seguimento intermedio y a memoria final que lle sexan requiridos.
- d) Incorporarse á entidade colaboradora correspondente na data acordada, asumindo os gastos de desprazamento á empresa; cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais da mesma.
- e) Aplicar o Proxecto Formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme ás liñas establecidas nel.
- f) Elaboración da memoria final das prácticas, e, no seu caso, do informe intermedio.
- g) Gardar a confidencialidade en relación á información interna da entidade colaboradora, e gardar secreto profesional sobre as súas actividades, durante a súa estancia e finalizada esta (Anexo III).
- h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa a política da entidade colaboradora, salvagardando o bo nome da universidade á que pertence.
- i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e/o nos correspondentes Convenios de Cooperación Educativa subscritos polas universidades asinantes e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada ás mesmas, coa entidade colaboradora.

I) SEGURIDADE DO ALUMNO E RESPONSABILIDADE CIVIL

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para os alumnos menores de vinte e oito anos, ou se é o caso, polo réxime xeral da seguridade social de se tratar de alumnado incluído no ámbito de aplicación do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro (BOE nº 259, de 27 de outubro). A cobertura para os/as estudantes maiores de vinte e oito anos rexerá polo establecido para o efecto en cada universidade.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado, que realiza prácticas tuteladas en empresas ou entidades, queda garantida polas universidades do SUG para o alumnado respectivo.


Sexta.- COMPETENCIAS DA UNIVERSIDADES

A distribución de alumnos e a súa selección será competencia da Comisión Académica, así como a organización de apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Sétima.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO.

Créase unha Comisión de Seguimento e Interpretación do presente convenio integrada por parte das universidades asinantes polo Coordinador do Máster, ou persoa na que delegue, e por parte da entidade colaboradora pola persoa que esta designe

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:



1. Resolver os problemas que suscite na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións de este convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación ás incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión de alumnos/as que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando así o considere necesario calquera das partes.

Oitava.- NORMAS DE APLICACIÓN SUPLETORIAS

A presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- I. Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias
- II. Normativa de prácticas académicas externas das universidades asinantes
- III. Normativa do Plan de estudos da titulación
- IV. Real Decreto 592/2014 de 11 de xullo polo que se regulan as prácticas académicas dos estudantes universitarios.

Novena.- DURACIÓN

A duración do presente Convenio será de alomenos de dous cursos académicos, e en todo caso polo tempo que duren as prácticas do alumnado, sendo automaticamente prorrogable nos seguintes bienios en tanto non se denuncie expresamente con un ano de antelación, ou antes do comezo do bienio en que queira causar baixa.

Décima. - RESOLUCIÓN DO CONVENIO.

Serán causa de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da Comisión de Seguimento.

Undécima.- PROTECCION DE DATOS

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, o/a estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teñan acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará a persoa allea á empresa/entidade información da que tiveran coñecemento, nin utilizar ou dispoñer dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de secreto fronte á empresa/entidade, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o/a estudante asinará coa empresa/entidade un documento no que se obrigue a cumprir o deber de secreto antes citado.

Duodécima.- CONDICIÓN DE RESCISIÓN DA PRÁCTICA

O incumprimento por parte do alumno, das súas obrigas ante a entidade colaboradora, poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como alumno en prácticas.

O feito demostrado de que as prácticas na entidade non se axusten ó acordado ca coordinación do título poderá ser motivo de rescisión delas e, neses casos, a Comisión de Coordinación deberá buscar unha solución de complemento para o período restante

Décimo terceira.- XURISDICIÓN

As partes comprométese a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir a través de esa comisión de Seguimento.

Non obstante recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das Universidades.

En Santiago de Compostela a 26 de maio de 2016

Pola Universidad de Santiago
de Compostela




D. Juan M. Viaño Rey
Reitor da USC

Pola Universidad de Vigo



D. Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da UVIGO

Pola Universidad da Coruña




D. Julio Ernesto Abalde Alonso
Reitor da UDC

Polo ITMATI



Dona Peregrina Quintela Estévez
Directora de ITMATI



8

ANEXO 1.- PROXECTO FORMATIVO: GUÍA DA MATERIA

Prácticas en Empresa

Créditos	10 ECTS	Traballo tutelado
Ubicación	Segundo curso	
Competencias Básicas	<ul style="list-style-type: none"> • CB6 – Posuír e comprender coñecementos que aporten unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas nun contexto investigador. • CB7 – Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en entornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos mais amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo. • CB8 – Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontase á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. • CB9 – Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados de xeito claro e sen ambigüidades. • CB10 – Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito que sexa en gran medida autodirixido e autónomo 	
Competencias Xerais	<ul style="list-style-type: none"> • G1 – Capacidade para iniciar a investigación e para participar en proxectos de investigación que poidan culminar na elaboración dunha tese doutoral. • G2 – Capacidade de aplicación de algoritmos de resolución dos problemas e manexo do software axeitado. • G3 – Capacidade de traballo en equipo e de forma autónoma. • G4 – Capacidade de formular problemas en termos estatísticos e de resolvelos empregando as técnicas axeitadas. • G6 – Capacidade de identificar e resolver problemas. • G10 – Capacidade de integrarse nun equipo multidisciplinar para a análise experimental. • G11 – Adquirir destreza para o desenvolvemento de software. • G12 – Capacidade de análise estatística crítica das mostras, os planteamentos e os resultados. • G13 – Redacción de informes estatísticos con precisión, orde e claridade. • G14 – Representar un problema real mediante un modelizado estatístico axeitado. • G15 – Deseñar un plan de observación ou recollida de datos que permita abordar o problema de interese. 	

Handwritten signature

Handwritten signature

Handwritten mark

<p>Competencias específicas</p>	<ul style="list-style-type: none"> • E2 – Adquisición dos coñecementos de estatística e investigación operativa necesarios para a incorporación en equipos multidisciplinares pertencentes a diferentes sectores profesionais. • E3 – Capacidade para comprender, plantexar, formular e resolver aqueles problemas susceptibles de ser abordados a través de modelos de estatística e investigación operativa. • E4 – Coñecer as aplicacións dos modelos da estatística e a investigación operativa. • E5 – Coñecer algoritmos de resolución dos problemas e manexar o software axeitado. • E11 – Modelar a dependencia entre unha variable resposta (dependente) e varias variables explicativas (independentes). • E12 – Realizar inferencias respecto aos parámetros que aparecen no modelo. • E19 – Tratamento de datos e análise estatística dos resultados obtidos. • E22 – Capacidade de identificar e resolver problemas que requiran o uso de técnicas de análise de series de tempo. • E27 – Obter os coñecementos precisos para unha análise crítica e rigorosa dos resultados. • E28 – Complementar a aprendizaxe dos aspectos metodolóxicos co apoio de software. • E40 – Adquirir destrezas na formulación e resolución de problemas cuantitativos. • E82 – O estudante será capaz de comprender a importancia de Inferencia Estatística como ferramenta de obtención de información sobre a poboación de estudo, a partir do conxunto de datos observados dunha mostra representativa desta. Para isto deberá coñecer a diferenza entre estatística paramétrica e non paramétrica. • E84 – Ser capaz de manexar diverso software (en particular R) e interpretar os resultados que proporcionan non correspondentes estudos prácticos. • E86 – Soltura no manexo da teoría da probabilidade e das variables aleatorias. • E78 – Formentar a sensibilidade cara os principios do pensamento científico, favorecendo as actitudes asociadas ao desenvolvemento dos métodos matemáticos, como: o cuestionamento das ideas intuitivas, a análise crítica das afirmacións, a capacidade de análise e síntese ou a toma de decisións racionais.
<p>Competencias transversais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • T1 – Ser capaz de identificar un problema da vida real. • T2 – Dominar a terminoloxía científico-metodolóxica para comprender e interactuar con outros profesionais. • T3 – Habilidade para traballar os aspectos metodolóxicos da investigación en colaboración con outros colegas a través do Campus Virtual co foro. • T4 – Habilidade para realizar análise estatística co ordenador. • T5 – Escoller o deseño mais axeitado para responder á pregunta de investigación. • T6 – Utilizar as técnicas estatísticas mais axeitadas para analizar os datos dunha investigación. • T7 – Planificar, analizar e interpretar os resultados dunha investigación considerando tanto os aspectos teóricos como os metodolóxicos. • T8 – Habilidade de xestión administrativa do proceso dunha investigación. • T9 – Comunicación e difusión dos resultados das investigacións. • T10 – Lectura con xuízo crítico de artigos científicos desde unha perspectiva metodolóxica.

Handwritten signature

Actividades formativas	Clases expositivas: 10 h Realización e exposición do traballo: 240 h
Metodoloxía da ensinanza	<p>Realización dun traballo dentro dunha empresa para que o alumno analice e estude problemas da área de estatística ou investigación operativa nos que estean interesados as empresas colaboradoras. O traballo realizado na empresa debe estar relacionado con algunha das técnicas estatísticas ou de investigación operativa estudadas no Máster.</p> <p>A realización de prácticas nunha empresa é unhas das modalidades que contempla o Máster en Técnicas Estatísticas para o terceiro cuadrimestre do seu programa formativo.</p> <p>As prácticas requiren dun titor dentro da empresa, que debe estar avalado por un profesor da plantilla do propio Máster. Tamén requiren da firma do presente convenio universidade-empresa no que se faga constar, como mínimo, o nome e dirección da empresa, o nome do titor e a súa relación coa empresa, o cometido do alumno e a cantidade de horas que adicará, e que non deberá ser inferior a 225 horas. Este convenio pode ser substituído por un contrato de traballo ou en prácticas ou unha beca na empresa, se ben a cantidade mínima de horas indicada con anterioridade debe permanecer.</p>
Avaliación	<p>Os alumnos que escollan a modalidade de prácticas en empresa defenderán o seu traballo ante un tribunal, previa entrega dunha Memoria das actividades levadas a cabo.</p> <p>O alumno debe entregar tres exemplares impresos da memoria de actividades levadas a cabo a un dos coordinadores do máster, así como unha copia en formato electrónico. O idioma empregado para a memoria, así como na súa defensa, debe ser galego, castelán, inglés ou portugués. O prazo para a entrega remata dúas semanas antes da data establecida para a defensa da mesma.</p> <p>O alumno será convocado cun mínimo de dez días de antelación para proceder á defensa do seu traballo. O alumno disporá dun máximo de 30 minutos para a súa exposición e a continuación haberá turno de preguntas por parte dos membros do tribunal, que deberán ser respondidas polo alumno, o tempo total no turno de preguntas e respostas non excederá os 30 minutos.</p> <p>O tribunal estará composto por 3 membros, todos eles doutores. Dous dos membros (presidente e secretario), serán elixidos pola Comisión Académica de entre os membros da plantilla docente do Máster. O terceiro (vocal) será proposto polo titor das prácticas. A aprobación do tribunal é competencia da Comisión Académica.</p>
Recursos da aprendizaxe	Os propios da empresa.
Contidos mínimos	<p>O Traballo Fin de Máster é obrigatorio para todos os alumnos, podendo escoller entre dúas modalidades: A) Traballo teórico ou aplicado; B) Traballo dentro dunha empresa.</p> <p>De escoller a modalidade B (á que fai referencia o presente convenio), o alumno realizará un traballo dentro dunha empresa para analizar e estudar problemas da área de estatística ou investigación operativa relacionado con algunha das técnicas estatísticas ou de investigación operativa estudadas no Máster.</p>

Handwritten signature

Handwritten signatures and initials

PLAN DE PRÁCTICAS

EMPRESA/INSTITUCIÓN

--

ESTUDIANTE

NOME DO ESTUDANTE:
DNI:
TITULACIÓN:
CRÉDITOS SUPERADOS:

DETALLE DAS PRÁCTICAS




INICIO DA PRÁCTICA:	FIN DA PRÁCTICA:
HORAS DA PRÁCTICA:	DÍAS DA SEMANA:
CENTRO DONDE SE REALIZARÁ A PRÁCTICA:	
RETRIBUCIÓN AO ALUMNO POR PARTE DA EMPRESA OU ENTIDADE:	SI // NON CANTIDADE:

TITOR EMPRESA:

DATOS CONTACTO TITOR EMPRESA:

--

Handwritten signatures and marks:

TITOR UNIVERSIDADE:
DATOS CONTACTO TITOR UNIVERSIDADE:
TAREFAS E ACTIVIDADES A REALIZAR POLO ESTUDANTE:
OBSERVACIÓNS:

Data

Asinado: TITOR/A ITMATI	Asinado : TITOR/A UNIVERSIDADE	Asinado : CORDINADOR/A DO MÁSTER NA UNIVERSIDADE NA QUE ESTÉ MATRICULADO/A O/A ALUMNO/A
Asinado : ALUMNO/A		

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

[Handwritten signature]